

Igrexa de Sacos (parroquial de San Xurxo)



Descrición

A igrexa ten planta de cruz latina, cun pequeno corpo que fai de sancristía no lateral norte e torre (campanario central), que nace na fachada, con campás e reloxo. Ten cúpula na parte máis alta.

A fachada principal ten porta alintelada e fiestra sinxela. Remarcado con piastras. Remate con cornixa e volutas. O adro, libre de uso como camposanto, atópase contornado por un muro baixo que, na parte interior, ten un banco corrido.

No interior, a cada lado do presbiterio hai sendas portas en ángulo, sobre elas e baixo arco semicircular, tribunas. A nave é de tres tramos con arcos feixóns semicirculares sobre piastras. Coro aos pés, de pedra e sobre gran arco de medio punto.

Na sancristía hai dúas inscricións coas datas: 1823 y 1689.



Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Igrexa

LOCALIZACIÓN

Parroquia

San Xurxo de Sacos

Lugar

Fontán

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 539817 Y: 4706752

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.516856 O

Latitude: 42.510187 N

